

**ASISTENTES:**

**Presidenta:**

Dona Milagros Otero Parga

**Vicepresidente:**

Don Fernando de Andrés Alonso

**Vogais:**

**Pola Xunta de Galicia**

Don Javier Enrique Fraga Campo

**Polo Consello Consultivo**

Dona María José Quintana Acebo

**Polo Consello de Contas**

Don Manuel José Santana Suárez

**Pola Federación Galega de Municipios e Provincias**

Dona Lucía González Louro

**Secretaria:**

Dona María Puy Fraga

En Santiago de Compostela ás 12.10 horas do día 7 de marzo de 2017, na sede do Valedor do Pobo, rúa Hórreo nº 65, terceiro andar, e con asistencia das persoas indicadas á marxe, en sesión convocada por vía electrónica pola súa presidenta o día 24 de febreiro de 2017, procédese a realizar a IX sesión ordinaria da Comisión da Transparencia de Galicia.

Na sesión procédese de acordo coa seguinte orde do día:

**1º.- Saúda**

A presidenta inicia a sesión cunha benvida aos membros, na que aproveita para dar tres avisos. En primeiro lugar informa das xornadas trimestrais sobre asuntos relacionados coa xestión de expedientes de transparencia que organiza o Consejo de transparencia y Buen Gobierno. A ditas xornadas

acudiran a secretaria, o Vicepresidente da Comisión da Transparencia e a técnico de transparencia, información pública e comunicación do Valedor do Pobo. A información sobre os eventos está a disposición dos interesados na secretaría da Comisión da Transparencia. Igualmente informa someramente das actuacións realizadas na tramitación do contrato de servizos de implantación e mantemento dun sistema integral de administración electrónica no que afecta aos expedientes da Comisión da Transparencia, e en terceiro lugar informa do desenvolvemento dos traballos que se están a realizar para o informe do Valedor do Pobo no que afectan á Comisión da Transparencia.

**2º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión de 25 de xaneiro de 2017**

A secretaria procede á lectura da acta. Estando conformes todos os membros presentes apróbase por unanimidade.

### 3º.- Resolución se procede dos expedientes tramitados

Previamente á deliberación dos asuntos relativos as reclamacións, e tendo en conta que un deles podería presentar un problema de incompatibilidade cun membro da Comisión, se pregunta ao representante da Comisión Intrerdepartamental de Información e Avaliación da Xunta de Galicia se ten intervido dalgún xeito no expediente 39/2016 para os efectos de analizarse pola Comisión da Transparencia de se existe unha causa de solicitude de abstención legal. O representante da Xunta indica expresamente que áinda que algún dos datos se atopaba na actual Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa na que el se integra, non lle correspondeu a xestión do expediente. Engade que os demais datos relativos aos recoñecementos dos servizos prestados como persoal laboral en vía administrativa e xudicial e os períodos de tempo, son datos que son custodiados por outros departamentos , como se terá que analizar durante o estudo do expediente e polo tanto non existe problema de incompatibilidade algúin, a mesma opinión é compartida por todos os membros da Comisión polo que continua o análises dos expedientes mantendo a configuración inicial da mesma.

No transcurso das deliberacións acórdase por unanimidade informar, e así se recolle nas resolucións, ao Comisionado da Transparencia dos expedientes que disponían dunha resolución de arquivo por térense recibido polo reclamante a documentación excedendo dos prazos legais para que, o Comisionado no exercicio da súa labor de control da transparencia sobre os suxeitos regulados pola lei 1/2016, do 18 de xaneiro, leve un listado de control de aquelas administracións que non están respondendo en tempo e forma aos interesados que exercen o seu dereito de acceso á información e poida así informar ao Parlamento.

Apróbanse por unanimidade, tras o seu estudo e por asentimento as propostas de resolución dos seguintes expedientes:

EXPEDIENTES	SENTIDO DA RESOLUCIÓN
RSCTG 0030/2016	Arquivo por ter recibido xa a documentación solicitada.
RSCTG 0031/2016	Inadmisión por concorrer a causa prevista no apartado 1 da Disposición adicional primeira da Lei 19/2013, do 9 de decembro, ao existiren un procedemento específico en curso.
RSCTG 0035/2016	Arquivo por ter recibido xa a documentación solicitada.
RSCTG 0036/2016	Arquivo por ter recibido xa a documentación solicitada.
RSCTG 038/2016	Arquivo por ter recibido xa a documentación solicitada.
RSCTG 039/2016	Inadmisión pola necesidade de reelaboración.

EXPEDIENTES	SENTIDO DA RESOLUCIÓN
RSCTG 042/2016	Inadmisión por concorrer a causa prevista no apartado 2 da Disposición adicional primeira da Lei 19/2013, do 9 de decembro, ao dispoñer a información solicitada dunha normativa de acceso específica.
RSCTG 043/2016	Retroacción do expediente cun prazo de 15 días para resolver por parte da Consellería de Sanidade.
RSCTG 045/2016	Estimación total.
RSCTG 046/2016	Arquivo por ter recibido xa a documentación solicitada.
RSCTG 049/2016	Estimación total.
RSCTG 050/2016	Inadmisión por concorrer a causa prevista no apartado 1 da Disposición adicional primeira da Lei 19/2013, do 9 de decembro, ao existiren un procedemento específico en curso.
RSCTG 055/2016	Inadmisión por concorrer a causa prevista no apartado 1 da Disposición adicional primeira da Lei 19/2013, do 9 de decembro, ao existiren un procedemento específico en curso.

**4º.- Determinación da data da próxima reunión da Comisión**

Acórdase a celebración da seguinte reunión o día 27 de marzo ás 12.00.

**5º. - Rogos e preguntas**

Non se formulan rogos ou preguntas.

Non habendo mais cuestións que tratar, sendo as 13:25 da tarde levantase a sesión, da que se estende a presente acta.

A presidenta  
Milagros Otero Parga



Milagros Otero  
Comisión da  
transparencia  
de Galicia

A secretaria  
María Puy Fraga



María Puy Fraga  
Comisión da  
transparencia  
de Galicia

$$\begin{aligned} & \left( \frac{\partial}{\partial x_i} \right)^2 V(x) = -\frac{\partial^2 V}{\partial x_i^2}, \\ & \left( \frac{\partial}{\partial x_i} \right)^2 \left( \frac{\partial}{\partial x_j} V(x) \right) = -\frac{\partial^2}{\partial x_i^2} \frac{\partial^2 V}{\partial x_j^2}, \\ & \left( \frac{\partial}{\partial x_i} \right)^2 \left( \frac{\partial}{\partial x_j} \right)^2 V(x) = -\frac{\partial^2}{\partial x_i^2} \frac{\partial^2}{\partial x_j^2} V(x). \end{aligned}$$

$$\begin{aligned} & \left( \frac{\partial}{\partial x_i} \right)^2 V(x) = -\frac{\partial^2 V}{\partial x_i^2}, \\ & \left( \frac{\partial}{\partial x_i} \right)^2 \left( \frac{\partial}{\partial x_j} V(x) \right) = -\frac{\partial^2}{\partial x_i^2} \frac{\partial^2 V}{\partial x_j^2}, \\ & \left( \frac{\partial}{\partial x_i} \right)^2 \left( \frac{\partial}{\partial x_j} \right)^2 V(x) = -\frac{\partial^2}{\partial x_i^2} \frac{\partial^2}{\partial x_j^2} V(x). \end{aligned}$$